

# Dominical

## El Correo Gallego • 29/10/89

Don García pasou dazasete anos cautivo no castelo de Luna, nos ermos e frios montes de León, aferrollado, dia e noite, con griletes nos pés. Primeiro por orde de seu irmau don Sancho que lle arrebatau tamén o reino. Logo por mandato de seu irmau don Alfonso que se quedou con toda a herencia de seu irmau don Sancho, entre a que estaba o reino de Galiza, inxustamente usurpado a don Garcia.

MANUEL MARÍA



### O REI GARCIA DE GALICIA

DECIA don Vicente Risco que Benito Vicetto, na sua *Historia de Galicia*, fixo tres grandes aportacións: creou o mito do celtismo, a lenda do Mariscal Pardo de Cela e publicou o famoso e importante libro de Vaseq da Ponte, *Relación de algunas casas y linajes del Reino de Galicia*, esencial pra coñocer a nosa Baixa Edade Media, a época dos "Condes Tolos" e dos Irmandiños. Xa non é pouco.

A mitoxia creada por Vicetto é mui discutida por muitos historiadores de formación "académica e obxectiva", donos de métodos científicos rigurosos, como se o mito non fora verdade, como se a vida que se soña non fora tan verdadeira como eso, ás veces tan triste e tan xordo, que se coñoce co nome de "realidade". E lembramos ao vello Unamuno que sostinha, con toda razón, que D. Quijote era tan real como Miguel

de Cervantes. O caso é que nós, entre os nosos grandes mitos, botámos en falla que non o sexan o do reino nuevo e a vida e o reinado de Don García. Releendo o *Romancero del Cid*, clarísimo exemplo de poesía política e partidaria ainda que os críticos silencian cuidadosamente este particular, atopámos estes significativos versos postos nos beizos da infanta Dona Urraca:

*Doña Urraca que lo oyó muchas lágrimas vertía diciendo: —, Triste cuitada! don Sancho ¿qué me quería? No cumpliera el juramento que a mi padre fecho hubía que aún apenas fuera muerto a mi hermano don García le tomó toda su tierra y en prisones lo ponía y cual si fuera ladron agora en ellas yacía.*

A vida e a morte o rei Don García —un dos doux reis de seu que tivo Galiza— non puideron ser más desgraciadas. Semellan un retrato da trágica historia do noso país. O seu reinado do 1063 ao 1072 foi breve como un salouco: unha sorrisa melancólica iluminando a tebra do noso acontecer histórico. Polo que semella tivo a súa corte en Ribadavia ou Francelos, fermosas e ubérrimas terras de viño e de ledicia e en Braga vella capital que fora do reino nuevo. Formado na escola

catedralicia compostelana, Don García non era un guerrero senón un humanista. Home de boa fe, foi preso a traición "y cual si fuese un ladrón", por seu irmau D. Sancho, como reconoce o *Romancero*, nunha época escrava e turbulenta.

Don García pasou dazasete anos cautivo no castelo de Luna, nos ermos e frios montes de León, aferrollado, dia e noite, con griletes nos pés. Primeiro por orde de seu irmau don Sancho que lle arrebatau tamén o reino. Logo por mandato de seu irmau don Alfonso que se quedou con toda a herencia de seu irmau don Sancho, entre a que estaba o reino de Galiza, inxustamente usurpado a don García. Todo un exemplo de amor fraternal e de caridade cristiana. Cando don García se puxo doente de gravedad, seu irmau don Alfonso ordenou que lle tiraran os griletes. Don García negouse e morreu con eles postos. E con eles o enterraron. Seu irmau don Alfonso VI fixolle —eso sí— un entierro real, ao que asistiu incluso un legado pontificio. Os restos mortais de don García foron soterrados en San Marcos de León —onde Francisco de Quevedo sufriu cadea e quebranto físico e moral— e teñen o seguinte epitafio en latín que, posto na nosa lingua dice:

“EQUI descansa don

García, rei de Portugal e de Galiza, fillo do rei Fernando o Grande. Preso por engano por seu irmau, finou encadado o ano 1090, o 22 de marzal”.

Entendemos que é xusto e necesario escrever unha biografía do rei don García de Galiza. As Cerámicas de Saraguellos, fixeron, hai anos, unha xarra numerada, desfiada por Luis Seoane, como homenaxe ao triste e desgraciado monarca. O propio Luis Seoane debuxou o seu retrato imaxinario. Unha fermosa gravura que reproduce a *Gran Encyclopédia Gallega*.

Coidamos que o nacionalismo galego tifia que reivindicar, sobre de todo, a prisión e os sufrimentos do noso infortunado monarca. E maiormente, o seu xesto cheo de grandeza e de dignidade, realmente conmovedor, de negarse a que lle tirasen os griletes dos pés ao remate dos seus días.

NUN pais normal o rei don García tería edicada unha rua en cada unha das cidades, vilas e mesmo nos rueiros das aldeas de toda a nación. Ergueríanselle moimentos. Arredor da súa figura xurdaría todo un ciclo legendario, fermoso e poético. A sua desgracia sería un importante tema artístico. Pro Galiza, como o seu rei don García, segue con griletes nos pés e, o que é peor de todo, no seu espírito durmiente e esmorecido.